



**O MEU CONFESOR
DE M^o CANDELARIA PANADERO DIOS**

- Sempre me pasa o mesmo hoxe igual que onte.

-O que?

-Xa estou farta, miña nai sempre me berra a min cando é meu irmán o que anda a facer o estúpido. Xa estou farta!

-Pero relajate...

-E aínda por riba eu esfórzome e intento portarme ben pero non son capaz.

As cousas na casa non van moi ben meus pais non fan máis que discutir mentres que eu xogo á Play. Que esa é outra, as miñas compañeiras do colexio din que xogar á Play non é cousa de meniñas que eso de xogar á Play e de lelos... .

-Lelos...?

-A miña vida non é xusta as miñas amigas todas saen da casa ata as tantas da noite e eu mentres a facer o tonto pola casa a diante de tanto que me aburro, ata que teña fame e me poña a merendar o meu bocadillo de tulicrén con azucre.

-Pois non é unha mala vida.

-E claro como eu teño 5 anos máis ca meu irmán, ao que “tanto” quero, son eu a que fai as cousas mal e a que leva as culpas, polo tanto, á que lle berran case sempre por non dicir todos os días.

-Pero bueno eso e normal non crees? Tes que esforzarte mais e darlle mellor exemplo e teu irmán xa que é mais pequeno.

-Pois non, por certo, tí... Quen és?

- Eu son a túa psicóloga e estou aquí para axudarte. Ou porqué pensas que estás contandome todo esto?

- Ha ha ha ,unha psicóloga? Pero si eu estou escribindo.

- Xa, pero eu fago a mesma función que unha psicóloga; escoitote e fágoche pensar, eu son o teu diario ao que lle contas os teus segredos día a día.

- Bueno pois por hoxe non che conto nada mais, de momento, claro está.